

O Carballiño a 7 de decembro de 2015.

COMUNICADO DE PRENSA

O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO, NON USARÁ ESPAZOS PÚBLICOS PARA PROPAGANDA ELECTORAL QUE ENTORPEZCA A CAMPAÑA COMERCIAL DO NADAL.

Renúnciase a poñer Pasarúas ou banderolas nos puntos públicos autorizados, así como megafonía estática e en coche circulando polo Casco urbán, para o que resta de Campaña.

Indican tamén que O Carballiño ten menos alumeado navideño que o ano anterior e votan en falta actividades positivas para o comercio como a pista de patinaxe de xeo que foi un reclamo o ano anterior.

O Partido Popular do Carballiño, considera que o feito de estar en Campaña electoral, non debe de enturbiar o ambiente navideño ao coincidir por primeira vez comicións electorais coa tradicional campaña de Nadal que é importante para o comercio local.

Non quedaría estético, e sería perxudicial para o ambiente navideño no Casco urbán, que se compaxinase cartelería cruzando as rúas co alumeado decorativo destas datas.

O Partido Popular, só fará uso dos paneis de madeira habilitados para tal fin.

Débase de ter en conta que o alumeado navideño, aparte de iniciarse con retraso respecto do ano anterior, é mais escaso, pois a moitas rúas que si tiveron arcos de luz o ano pasado, non a teñen este ano (Avd. Balneario, rúas cuba, Brasil, Uruguay, Venezuela, Astureses, e catro camiños) polo que cargar ao pobo con publicidade política intercalándoa co alumeado, podría perxudicar aínda máis esta situación por antiestética.

Recordamos tamén como o ano pasado todos os veciños/as así como visitantes poideron disfrutar dunha pista de patinaxe de xeo sintética organizada e patrocinada fortemente polo Concello como unha aposta forte por non deslocalizar aos posibles compradores e que non fuxiran para outras localidades cercanas que diran este tipo de promocións, facendo así política positiva para favorecer ao Comercio local, cuestión que este ano, non foron capaces dende o grupo de Goberno de poder facer e que lamentamos que así sexa.